

## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 16 de decembro de 2021, aprobou o expediente de contratación núm. 2021/C005/000016, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da *“Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas), expediente que foi licitado no perfil do contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, o mesmo día 16 de decembro de 2021.*

Detectado un erro material no prego de cláusulas administrativas publicado, e visto o informe emitido pola secretaria accidental e polo interventor municipal no día de hoxe, pola Alcaldía considérase debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de corrixir o erro detectado e continuar co procedemento de licitación xa comezado.

Así mesmo, tendo en conta que se ten intención de levar a aprobación dous expedientes de contratación de obras na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, fixada para o día 28 de decembro de 2021, co fin de que queden licitados antes de finais de ano, para o cal previamente deben constar aprobados os documentos denominados *“Descrición técnica mellora da funcionalidade dalgúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre”* (expediente núm. 2021/C003/000016), e *“Proxecto básico e de execución, FASE I, de mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela”* (expediente núm. 2021/C003/000017).

Visto o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

**2º.- Corrección de erro material detectado no PCAP aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de decembro de 2021, para a "Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas)". Expediente núm. 2021/C005/000016**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 21 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un, acordou aprobar o expediente de contratación núm. 2020/C005/000016, mediante procedemento aberto simplificado do 159.6 da LCSP (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), con aprobación do prego de prescricións técnicas (PPT) e de cláusulas administrativas particulares (PCAP) integrantes do expediente.

O anuncio de licitación foi publicado no perfil do contratante do Concello de Cambre integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, o día 16 de decembro de 2021, debéndose presentar as proposicións dentro do prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación, polo que o prazo de presentación conclúe o día 23 de decembro actual.

Con data de 21 de decembro de 2021, presentouse consulta, a través da Plataforma de contratación do estado, que literalmente se transcribe a continuación: *“... ADVERTIDA DIFERENCIA ENTRE LAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PARA EL LOTE 2, VEHÍCULO ELÉCTRICO TIPO FURGONETA (N1), 5 PLAZAS, DEL ANEXO IV DEL PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS Y LAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PARA EL SUMINISTRO DE DICHO VEHÍCULO PUBLICADO EN EL ANEXO I DEL PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS. SOLICITAMOS ACLARACIÓN, SOBRE CUÁLES SON LAS CARACTERÍSTICAS QUE DEBEN PREVALECER PARA EL SUMINISTRO DEL VEHÍCULO TIPO FURGONETA (N1), DEL LOTE 2”.*

Revisado o “ANEXO IV. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PARA LOS SUMINISTROS” do Preggo de cláusulas administrativas particulares (en diante, PCAP), aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un, compróbase, efectivamente, que o mesmo non concorda co establecido no “ANEXO I: CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PARA LOS SUMINISTROS” do Preggo de prescricións técnicas (en diante PPT), aprobado igualmente pola Xunta de Goberno Local na mesma data.

En concreto, respecto do Lote 2, vehículo tipo furgoneta N1,

no apartado seguridade,

- o no PCAP faise constar *“airbag frontal conductor y pasajero”*, mentres que no PPT consta *“airbag frontal conductor”*,
- o no PCAP faise constar *“limpiaparabrisas delantero con sensor de lluvia”*, mentres que no PPT consta *“limpiaparabrisas delantero”* e
- o no PCAP faise constar *“rueda repuesto igual a las instaladas”*, mentres que no PPT consta *“kit antipinchazos”*.

no apartado “transporte”,

- o no PCAP faise constar “*puertas laterales traseras deslizantes acristaladas*”, mentras que no PPT consta “*puerta lateral trasera deslizante acristalada (1)*.”

Visto o informe emitido pola secretaria accidental e o interventor municipal, de data 21 de decembro de 2021.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Modificar o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2021, para a contratación, polo procedemento aberto simplificado establecido no artigo 159.6, con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática, da “Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas), dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (Lote 1: Vehículo eléctrico tipo turismo (M1) 4/5 prazas (20.829,42 €, IVE incluído) e Lote 2: Vehículo eléctrico tipo furgoneta (N1) 5 prazas (28.156,22 €, IVE incluído))”, respecto do seu “ANEXO IV. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PARA LOS SUMINISTROS” (LOTE 2), que queda redactado do teor literal seguinte:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## LOTE 2

VEHÍCULO ELÉCTRICO TIPO FURGONETA (N1), 5 PLAZAS	
<b>Motor</b>	Potencia máxima (kW): 44
	Carburante: Eléctrico
	Autonomía (km): 150
	Velocidad máxima (km/h): 120
<b>Dimensiones</b>	Longitud total: 4.600 mm
	Anchura total: 1.800 mm
	Altura total: 1.800 mm
<b>Pesos</b>	Peso orden marcha (Kg): 1.500
	Peso máximo autorizado (MMA): 2.200
<b>Capacidad</b>	Volumen maletero (litros): 500
<b>Caja de cambios</b>	Caja de velocidades automática
<b>Seguridad</b>	Airbag frontal conductor
	Limpiaparabrisas delantero
	Limpiaparabrisas trasero
	Ayuda a la frenada de emergencia
	Aviso de olvido de cinturón
	Frenos de disco delanteros
	Alerta colisión/peatones
<b>Conducción y Multimedia</b>	Kit anti pinchazos
	Dirección asistida
	Ordenador de a bordo
	Conexión USB, Bluetooth manos libres para teléfono móvil
<b>Confort</b>	Radio, conexión USB
	Elevalunas delanteros eléctricos
	Retrovisores orientables con regulación eléctrica
<b>Asientos</b>	Cierre centralizado telemando
	5 plazas
	Banqueta trasera funcionalidad 1/3 2/3 abatible
<b>Transporte</b>	Asiento conductor deslizante, reclinable y con regulación en altura
	Asiento pasajero deslizante y reclinable.
<b>Acabado exterior</b>	Puerta lateral trasera deslizante acristalada (1)
	2 puertas traseras acristaladas apertura 180°
<b>Otros</b>	Color vehículo: blanco.
	Logotipo Ayuntamiento de Cambre con texto debajo, impreso en las dos puertas delanteras, diseño a determinar por el Ayuntamiento.
	Cable de carga y cargador a bordo

**Segundo:** Publicar o prego de cláusulas administrativas particulares rectificado no perfil do contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratos do Sector Público, ampliando o prazo de presentación de ofertas en 3 días naturais.»



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3º.- Aprobación da "Descrición técnica mellora da funcionalidade dalgúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre." Expediente núm. 2021/C003/000016**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, de data 21 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 13 de decembro de 2021 asínase polo arquitecto municipal, don José Ramón Barbeito Díaz, a "Descrición técnica mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre", cun orzamentos total de licitación de 30.000 euros.

A Descrición Técnica ten por obxecto as obras para realizar para a mellora na funcionalidade dalgúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre.

Preténdese, por tanto, a mellora das condicións de uso dos bancos, incrementando as zonas de asento e respaldo de madeira para obter un maior illamento e mellorar a sensación térmica que produce o formigón, sobre todo no inverno, logrando así que se achegue maior comodidade á hora de ser usados polos cidadáns.

Igualmente e para evitar un mantemento anual para eliminar fisicamente con cepillo e maquina a presión a presenza de verdello nos bancos, óptase por un tratamento que garanta un mantemento a máis longo prazo, e que resulta ademais, máis económico.

Por todo iso, esta actuación supoñerá un incremento na calidade funcional e estética dos diferentes espazos públicos de Cambre.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Único:** Aprobar a "Descrición técnica mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre", cun orzamento total de licitación de 30.000,00 €, asinada polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito con data de 13 de decembro de 2021.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **4º.- Proposta de aprobación do "Proxecto básico e de execución, FASE 1, de mellora de accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela". Expediente núm. 2021/C003/000017**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, de data 21 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data de 21 de decembro de 2021 asínase polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, adscrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 2.833, o "Proxecto básico e de execución, FASE I, de mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela".

Coas obras nel descritas preténdese mellorar tanto a accesibilidade como a seguridade na zona na cal se esta executando na actualidade a construción dun equipamento consistente na dotación á Parroquia de Cela, dun edificio socio cultural.

En previsión do seu uso, enténdese necesaria a ordenación do espazo público (beirarrúa e aparcamento) en orde de cumprir co esixido en materia de accesibilidade á contorna e ao propio edificio público.

Neste sentido e tal como se pode comprobar na actualidade, o ámbito de actuación carece de calquera urbanización/ordenación, non existindo nin espazo de beirarrúa nin de aparcamento, sendo o acceso a través dun camiño publico asfaltado.

Son estes os condicionantes que definen o punto de partida no deseño e toma de decisións que definen o presente Proxecto.

Neste sentido, e en orde de cumprir coas esixencias determinadas na normativa de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas no desenvolvemento do ámbito co obxectivo de mellorar tanto a súa accesibilidade como a súa seguridade deseñouse unha beirarrúa mixta con aparcamento seguindo as indicacións establecidas polo Concello de Cambre en actuacións en chan de núcleo rural, consistente en incorporar unha zona de aparcamento en batería tratando que esta sexa o menos agresiva tanto visual como espacialmente na contorna no que se sitúa.

Para tratar de conseguir este obxectivo sitúanse os aparcamentos intercalados con zonas en cuña (beirarrúa) nas cales se aproveita para a localización tanto das árbores como dos bancos de madeira. O intercalado de espazos de aparcamento con zonas verdes, conxuntamente co emprego de dous tipos de pavimentos: un do tipo formigón lavado/desactivado (beirarrúa) e outro do tipo céspede armado (zona de aparcamento) enténdese que conseguirán conferir ao ámbito da imaxe buscada.

Dótase á zona dunha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida que presenta unha pequena rampla de acceso á beirarrúa correspondente.

Así mesmo dótase ao conxunto dun sistema de recollida de pluviais (sumidoiros en superficie+ caz rigola) así como a preinstalación dos servizos de iluminación público (baixo beirarrúa coas súas arquetas de rexistro correspondentes máis servizo á nova luminaria).

Tanto a elección dos pavimentos propostos, así como o mobiliario urbano e a especie vexetal para arborado urbano responden a esta premisa de dotar ás beirarrúas no ámbito rural dunha imaxe coherente e homoxénea co obxectivo de devolverlle o protagonismo ao peón, á veciñanza, a reconquistar o espazo da beirarrúa co obxectivo de que o construído e a súa accesibilidade convivan nunha contorna o mais harmónico posible.

Con data de 21 de a arquitecta técnica municipal prestou a conformidade técnica ao citado proxecto.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Único:** Aprobar o "Proxecto básico e de execución, FASE I, de mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela" asinado polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, adscrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 2.833, cun orzamento total de licitación de 14.491,84 €.»



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López